

Nome:.....

Curso:.....

1 Completa as seguintes frases coa palabra máis adecuada:

1. A capa de aire que rodea a Terra chámase.....
2. Esta capa é importante porque nos protexe do.....
3. Tamén regula a..... do noso planeta.
4. Contén un gas chamado..... necesario para a vida..

2 Pinta os cadros con medidas que aforren máis cantidade de auga:

Ducharse cada día.

Bañarse cada día.

Lavar os pratos a man.

Utilizar o lavalouza.

3 Indica en que estado se encontra a auga nestas imaxes:

.....

.....

.....

4 Explica cando hai cambios de estado no ciclo da auga:

.....

.....

5 Indica se estas frases son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- ☐ A auga potable non é apta para o aseo persoal ou para cociñar.
- ☐ A auga da natureza non a podemos usar para cociñar nin para beber.
- ☐ A auga residual está contaminada e debe depurarse antes de a verter ao río.
- ☐ Nas depuradoras elimínanse impurezas polo que a súa auga se pode beber.



Xulia vai viaxar por primeira vez en avión. Está moi emocionada con esta nova experiencia.

Durante a fase de ascenso atravesou as nubes. Agora, xa a maior altura, brilla un Sol espléndido.

Xulia recorda o que estudou este ano sobre a atmosfera.

–Agora mesmo voo pola troposfera, pero... cal é a seguinte capa? –pregúntase.

6 Axuda a Xulia a recordar cales son as capas da atmosfera terrestre:

- A Troposfera - Exosfera - Mesosfera - Ozono - Estratosfera
- B Troposfera - Termosfera - Mesosfera - Exosfera - Estratosfera
- C Estratosfera - Termosfera - Mesosfera - Exosfera
- D Mesosfera - Termosfera - Xeosfera - Exosfera - Estratosfera

7 A atmosfera está composta por varios gases que permiten a vida na Terra. Cales son os dous máis abundantes?

.....

8 Na clase a profesora contoulles que a existencia da atmosfera permite que o planeta sexa habitable porque...

- A ... elimina o ozono e filtra a temperatura.
- B ... filtra os raios lunares e regula a temperatura e a chuva.
- C ... contén o aire para vivir e regula os raios solares e o vento.
- D ... regula a temperatura, filtra os raios solares e contén o aire para vivir.

Nome:.....

Curso:.....



Desde a xanela do avión, Xulia pode ver unhas montañas nevadas.


Posiblemente a auga destas montañas algún día chegará a un río, e despois ao mar, nun ciclo que nunca termina –pensa Xulia.

Que lembrás ti sobre a auga e o seu ciclo na natureza?

- 9** Indica se estas frases sobre o ciclo da auga son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- ☐ Soamente se converte en vapor a auga do mar.
- ☐ As evolucionan a auga ao aire en forma de vapor.
- ☐ Unha parte da auga que cae das nubes infiltrasé no solo.
- ☐ O vapor de auga ao arrefriarse condénsase e forma as nubes.

- 10** Ao longo do ciclo, a auga pasa dun estado a outro. Fíxate no esquema e escribe o nome dos catro cambios de estado do ciclo da auga:



- 1
 2
 3
 4

- 11** En que estado se encontra a neve da montaña que ve Xulia desde o avión?

- A Sólido
 B Xeado
 C Líquido
 D Gasoso

12 En ocasións, a auga que cae sobre a terra infíltrase no sol. Como volve de novo a auga á superficie?

- A A través da chuvia.
- B A través dun río.
- C A través dos acuíferos.
- D A través dos mananciais.

13 A auga que se acumula nos cumios das montañas é auga doce. Escribe en que outros tres lugares podemos encontrar auga doce na Terra:

- ①
- ②
- ③



Ademais do ciclo natural, a auga segue un ciclo urbano que permite que chegue ata os nosos fogares e se devolva de novo aos ríos ou aos mares.

Nunha excursión Xulia visitou a nova planta depuradora da súa localidade.

14 O guía contoulles que a auga depurada...

- A ... se pode beber e serve para cociñar.
- B ... non se pode usar para beber nin para cociñar.
- C ... se pode beber pero non serve para cociñar.
- D ... non se pode beber pero serve para cociñar.

15 O guía explicoulles que nas plantas depuradoras se eliminan os contaminantes antes de devolver a auga á natureza. Sinala as accións que axudan a a contaminar menos a auga:

- ☐ Garda os restos de aceite de fritir e non os tires no vertedoiro.
- ☐ Utiliza xabóns e deterxentes non contaminantes.
- ☐ Tira os restos de pintura polo desaugue.
- ☐ Tira ao inodoro os restos de comida.